

Médicos de Atención Primaria na procura da Venia Docendi

Iglesias Losada, R.

Médico de Familia. Centro de Saúde de Vite. Santiago. Responsable de Docencia da AGAMFEC

Cad Aten Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 74-74

A actividade profesional no ámbito da Atención Primaria contempla unha tripla dimensión: actividade asistencial, docencia e investigación. A asunción de tarefas na docencia parece pouco atractiva, pois non está sempre presente nos distintos lugares de traballo. Descúlpanos o de que é un traballo engadido, pouco recoñecido de xeito oficial e ademais a presión asistencial é máis que suficiente xa que ocupa toda a xornada laboral.

Se miramos os países da nosa contorna cunha longa traxectoria na formación en medicina (Universidades de Oxford, Southampton, Londres, Rochester, Laval, Manchester....) vemos que a maioría incorporaron o ensino da Atención Primaria aos programas docentes das súas facultades. Resaltando a importancia que ten na formación dos futuros médicos na adquisición de coñecementos e habilidades para a valoración global do individuo na súa contorna familiar, socioeconómica, cultural e laboral. Esta visión establece un equilibrio, docente e asistencial, entre unha asistencia centrada na enfermidade e no modelo biolóxico, e un modelo orientado á comunidade, centrado no paciente e nunha dimensión biopsicosocial.

O Consello Nacional de Especialidades do Ministerio de Sanidade e Consumo reconece a Medicina Familiar e Comunitaria como unha especialidade con programa específico. Esta situación debe discorrer en paralelo coa incorporación desta área de coñecemento nos estudos da licenciatura de medicina. Esta incorporación dun xeito oficial e uniforme é unha das asignaturas pendentes en todo o Estado. As solucións adoptadas ata a data por cada universidade son moi disparas, unicamente na Facultade de Medicina de Sevilla se imparte como asignatura obrigatoria, no resto, se imparte como materia optativa ou ben como materia de libre configuración. Existen tamén algunhas cátedras patrocinadas cuxos obxectivos non están vencellados a unha vía estritamente académica.

A maior presenza nos centros de saúde do número de médicos de familia en formación e o incremento na afluencia de alumnos de medicina polos novos plans de estudo, abre as portas dun novo escenario que necesita de actores comprometidos, se queremos que a Atención Primaria adquira o protagonismo que lle corresponde no referente á docencia.

A formación dos médicos residentes de familia, contéplase no programa da especialidade e actualmente está asumida polas unidades docentes e os titores acreditados para impartila. A docencia aos estudantes, está recollida no Convenio do Sergas e Universidade, onde se di que os profesionais de Atención Primaria poderán impartir docencia e ser recoñecidos como profesores colaboradores.

Recentemente a nosa asociación, presentou á Universidade de Santiago unha proposta de materia optativa para incluír no plan de estudos de medicina para así situala á mesma altura que o resto das universidades. Finalmente foi aprobada - con moitos esforzos - como materia de libre configuración específica, impartirase o próximo curso académico, co compromiso de ser aprobada como optativa para o curso seguinte. Chámase: Medicina Familiar e Atención Primaria, está vencellada ao Departamento de Medicina e o seu programa será impartido por médicos de familia. Consta dunha parte teórica e outra práctica que se realizará nos centros de saúde da rede do Sergas.

O propósito que se pretende acadar é ensinar aos estudantes aspectos da medicina que o poñan en contacto coa realidade do Sistema Sanitario, onde a Atención Primaria é a porta de entrada ao sistema e supón unha alta porcentaxe de toda a actividade asistencial. Os alumnos terán desta forma unha visión global dos problemas de saúde.

Esta perspectiva, aínda que inicialmente parece esperanzadora como punto de partida, debe ir acompañada da seguinte reflexión: A implicación en tarefas de docencia, ademais de ser unha opción persoal, debería formar parte do noso traballo habitual, servir de estímulo para a formación continuada e actualización de coñecementos. Necesítase para iso un cambio de mentalidade e un compromiso no que se impliquen o maior número de profesionais. Este compromiso supón un esforzo persoal e estar suxeito a unha formación e avaliación continuadas que deben ir acompañadas dun recoñecemento profesional e académico por parte das Autoridades Sanitarias e Académicas. Desde estas páxinas animamos a todos os profesionais a que formen parte deste compromiso, para lograr que a Atención Primaria na nosa Comunidade Autónoma acade os niveis docentes que se merece.